DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 28 Martes, 11 de febreiro de 2020 Páx. 9135

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

DECRETO 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

De acordo co previsto na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do dez de febreiro de dous mil vinte,

DISPOÑO:

Artigo 1

Queda disolto o Parlamento de Galicia elixido o día vinte e cinco de setembro de dous mil dezaseis.

Artigo 2

Convócanse eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o cinco de abril de dous mil vinte.

Artigo 3

En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o número de deputados correspondente a cada circunscrición é o seguinte:

A Coruña: vinte e cinco

Lugo: catorce.

Ourense: catorce.

Pontevedra: vinte e dous.

CVE-DOG: r2l2cxg0-yf56-xi37-aoq7-ujgtnmgdhbl0

Artigo 4

A campaña electoral durará quince días; comezará ás cero horas do venres día 20 de marzo de dous mil vinte e finalizará ás vinte e catro horas do venres día tres de abril de dous mil vinte.

Artigo 5

Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a cámara resultante reunirase para a súa sesión constitutiva o día cinco de maio de dous mil vinte, ás once horas.

Artigo 6

As eleccións convocadas por este decreto rexeranse pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral; así como pola Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de febreiro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

CVE-DOG: r2l2cxg0-yf56-xi37-aoq7-ujgtnmgdhbl0